

directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo no artigo 102.3. da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, os padróns aprobados expóñense ao público nas oficinas do Concello durante o prazo de un mes, contado a partir da publicación do presente anuncio no BOP que terá carácter e producirá os efectos de notificación colectiva. Durante o referido prazo os interesados poderán examinalo e presentar as reclamacións que estimen oportunas. Igualmente poderán formular no prazo de un mes o recurso de reposición regulado no artigo 14.2. do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais que deberá ser resolto polo órgano competente no prazo de outro mes contado a partir do día seguinte ao da súa presentación, entendéndose desestimado se transcorrido dito prazo no recaera resolución expresa, cos efectos xurídicos previsto nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Contra a resolución do recurso de reposición non pode interpoñer novamente este recurso, poden os interesados, interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso –Administrativo de Lugo no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis no suposto de desestimación presunta por silencio administrativo. Non obstante, poderá utilizar e exercer calquera outra acción legal que estime pertinente na defensa dos seus dereitos e intereses lexítimos.

A repercusión do canon de auga poderá ser obxecto de reclamación económico –administrativa ante o órgano económico –administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes desde que se entenda producida a notificación.

FORMA DE PAGAMENTO

1. O pago das débedas tributarias realizarase en período voluntario nos prazos que figuran no presente anuncio e nas Entidades colaboradoras na recadación deste Concello, nas horas de atención ao público (Caixa Rural Galega, Santander e Abanca). Transcorridos ditos prazos iníciarase o período executivo de cobro, que determinará o de devengo dos recargos de constrinximento e os intereses de demora que procedan.

2. Os contribuíntes que non teñan domiciliado o pagamento, recibirán no seu domicilio, dentro do período de cobro en voluntaria, modelo de liquidación por duplicado exemplar para o seu pagamento en calquera das entidades financeiras citadas, debendo recabar en caso de extravío, duplicado nos servizos económicos do Concello antes do remate do referido período. Un dos exemplares debidamente selado pola Entidade financeira constituirá carta de pago en poder do contribuínte acreditativo da extinción da débeda tributaria.

3. Se así o desexa no momento de efectuar o pago, poderá solicitar da Entidade financeira a domiciliación do tributo, sen ningún acto de trámite adicional, quedando a partir dese momento incorporado na base de datos dos padróns sucesivos.

Cospeito, 9 de marzo de 2022.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 0527

FRIOL

Anuncio

O Pleno do Concello, na sesión do 9 de decembro de 2004 aprobou o PLAN PARCIAL DO PARQUE EMPRESARIAL DE FRIOL. Iniciouse expediente para á súa modificación. Por Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, formulouse informe ambiental estratéxico relativo á Modificación Puntual. A Xunta de Goberno, na sesión de 20 de febreiro de 2020 acordou a aprobación inicial da modificación puntual SUB-PI do Plan Parcial do Parque Empresarial, en orde a compatibilizar os usos de comercialización e degustación nos propios establecementos, incluso con actividades hosteleiras, sempre a carón do uso industrial ou almacén, dentro da limitación establecida na normativa do plan parcial.

Realizada a tramitación esixida na lexislación aplicable, o Pleno do Concello na sesión do 19 de novembro de 2021, acordou a aprobación definitiva da modificación puntual SUB-PI do Plan Parcial do Parque Empresarial, redactada por Kenda Urbanismo. Remitiuse anuncio ao Diario Oficial Oficial de Galicia, a efectos da súa publicación. En relación co documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia.

OBXETO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

En un concello pequeno é vital para o éxito, desenvolto e posta en valor dos terreos de uso industrial, a máxima flexibilidade e a adecuación os procesos produtivos propios e potencialidades da zona.

No concello de Friol os procesos de primeira transformación están moi vencellados o sector da alimentación, sendo primordiais os procesos da transformación dos lácteos e os cereais, para a fabricación de queixos e para

obradoiros de pan. De feito constitúen denominación ou son selleiros os queixos e o pan.

É primordial, polo tanto, atender a este sector, intentando asentar no concello a totalidade da cadea produtiva, incluído a produción de materia prima, a súa transformación e incluso a súa degustación e comercialización. Os procesos moitas veces han de solaparse: granxas con queixerías, obradoiros de pan con pastelerías e puntos de venta minorista.

De feito o parque empresarial de Friol, que durante anos permaneceu practicamente paralizado ou en desuso, nos últimos tempos votou a andar coa implantación de industrias de todo tipo, nomeadamente con industrias senlleiras de transformación de lácteos e de cereais. Vótase en falta, en algún dos casos ou en todos eles, que o plan compatibilice usos de comercialización ou de degustación nos propios establecementos, incluso con actividades hostaleiras, sempre a carón do uso específico industrial ou almacén.

Polo tanto os órganos municipais deciden unha modificación da normativa do Plan Parcial do Parque Empresarial para facilitar a implantación de estes usos compatibles, sempre dentro do uso específico (adoptando a limitación establecida na normativa do Plan Parcial, que esixe que la superficie máxima de los usos compatibles será en todo caso menor a metade a superficie edificable máxima materializable en la parcela).

A nova redacción da ordenanza preserva en todo caso a súa identidade propia, e a distinción clara coa outra ordenanza lucrativa de carácter eminentemente comercial.

DESCRIPCIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

XUSTIFICACIÓN DOS ESTÁNDARES URBANÍSTICOS

Non se precisa.

SISTEMA DE OBTENCIÓN DOS TERREOS.

Non se precisa.

ESTUDIO ECONÓMICO.

Non se precisa.

ORDENACION

Non se precisa.

NORMATIVA URBANÍSTICA

Se procede á modificación da normativa urbanística correspondente á Ordenanza IA: edificación industrial

Condiciones de uso:

Se consideran como usos **específicos** las INDUSTRIAS y los ALMACENES.

- Son **industrias** los establecimientos destinados a la obtención y/o transformación de materias primas o sus derivados así como las funciones o servicios complementarios como el envasado, transporte, exposición y distribución de productos. También incluye la reparación de vehículos y maquinaria, así como los desguaces.
- Son **almacenes** los locales destinados a la guarda, conservación e incluso exposición y distribución de primeras materias, productos semifabricados y acabados. También tienen esta consideración los centros de transporte con sus áreas de servicio a vehículos, zonas de almacenaje y manipulación de productos, zonas de apoyo logístico, etc.

Se consideran además los siguientes usos **compatibles**:

- Las oficinas, laboratorios, centros informáticos, empresas e servicios, garaje-aparcamiento y talleres el automóvil así como los establecimientos destinados a la comercialización de productos y bienes de consumo, **incluyendo los establecimientos de hostelería y degustación de productos que guarden relación con la materias primas que se procesen, obtengan, transformen o almacenen en el establecimiento industrial o almacén con uso específico o que el uso específico pertenezca al sector de la alimentación.**
- Cuando en la misma parcela se pretenda implantar un uso industrial o de almacenamiento y además usos compatibles, la superficie máxima que pudieran ocupar estos en su conjunto, será menor que la mitad de la superficie edificable máxima materializarle sobre la parcela.
- Vivienda de guardería, destinada al personal encargado de la vigilancia y conservación. Se admite una por parcela, con una superficie útil máxima de 100 m². Esterará integrada en la edificación en que se desarrolle el uso autorizado y consumirá la correspondiente edificabilidad asignada a la parcela.

Usos prohibidos:

Todos los demás, especialmente las viviendas unifamiliares de cualquier tipo.

Limitaciones de uso derivadas del ruido en el contorno de las carreteras de titularidad autonómica.

- Para la ejecución de obras y actuaciones en el entorno de las carreteras autonómicas, se establece como

requisito previo a la concesión de licencia municipal, la realización de estudios necesarios para la determinación de los niveles o sonoros esperables así como para el establecimiento de las limitaciones a la edificabilidad o de la obligatoriedad de disponer de los medios de protección acústica necesarios, en caso de superarse los umbrales recomendados, según lo recogido en la normativa básica estatal en materia de ruido o en la correspondiente normativa autonómica de desarrollo.

Condiciones especiales de aplicación en el ámbito del Plan:

Cualquier actuación estará sujeta a las condiciones impuestas por las leyes siguientes:

- Ley 34/1998, del 7 de octubre, del sector de hidrocarburos y normativa de desarrollo.
- Disposiciones segunda y tercera de la Ley 34/1998 del 7 de octubre, del sector de hidrocarburos, para las instalaciones de la red básica de transporte de gas natural reguladas en el art.59 de dicha ley, según la disp. adic. Duodécima de la Ley 13/2003.
- Para evaluación de impacto ambiental de proyectos competencia de la Administración General del Estado, será de aplicación lo dispuesto en la Ley 21/2013, del 9 de diciembre, de evaluación ambiental.

O que se fai público en cumprimento do establecido no art. 82 da lei 2/2016 de 10 de febreiro. Así como no art. 199 do Decreto 143/2016 de 22 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento, así como do disposto no art. 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Friol, 10 de marzo de 2022. O Alcalde-Presidente.- José Ángel Santos Sánchez.

R. 0528

GUITIRIZ

Anuncio

Aprobado por Decreto de Alcaldía o Padrón fiscal do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondente ao mes de xaneiro de 2022, que comprende un total de 190 recibos por un importe de 2.155,20 euros

O Padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da inserción do presente edicto no BOP, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobado no caso de que non se produzan reclamacións contra o mesmo.

Contra o acordo de aprobación do correspondente Padrón, poderá interpoñerse con carácter perceptivo recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, contado dende o día inmediato seguinte ao do remate da exposición pública do correspondente Padrón.

A cobranza en período voluntario das taxas do padrón do servizo das Escolas Deportivas Municipais correspondentes ao mes de xaneiro de 2022, terá lugar dende o día 10/03/2022 ao 10/05/2022 (ambos incluídos). Os recibos que figuran domiciliados, enviaranse ás respectivas entidades para o seu cargo nas contas designadas polos contribuíntes.

A presente publicación surtirá efectos de notificación colectiva da liquidación tributaria, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Guitiriz, 2 de marzo de 2022.- A Alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 0529

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO

Por Resolución de Alcaldía de data o día 7 de marzo de 2022, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Febreiro de 2022 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de tres mil seiscientos trinta euros con sesenta e oito céntimos de euro(3.630,68€) , dos que dous mil oitocentos noventa e catro euros con corenta e tres céntimos de euro (2.894,43€) correspondente a dependencia , e setecentos trinta e seis euros con vinte e cinco céntimos de euro (736,25€) son de libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo,